



AXÚDAME A SENTIR

XABIER | DÍAZ
& ADUFEIRAS DE SALITRE



Senta aquí, na palma da terra. escoita. Cada pinga que cae move o rodicio do pulso. Bate a auga, risca, acaríña o prado. Alá vai ela, a escorregar no coiro da gran pandeira. Traza o ciclo sen parar de puntear. Séntela?

Oídes as pasadas? Entrecorta o aire, seica anda a mallar na valgada. Sentade aquí un cacho. Botamos unha? Pegureiras dun rabaño de pellos, imos pacer o tempo, axudade a cantar.

O ritmo debeu nacer canda a vida. A comunidade xestou o canto. Percuten coiros e cunchas. Vibra o talo no asubío. As mans que rabuñaron no rego, paran. Métense a repicar. Pegan nun pau, bailan no coiro. As verbas enléanse en cintas que poñen contos no vento. Axudádeme. Botamos outra, botamos para fóra quen somos, sacamos o aire, cortamos o alento, cantamos. Adufamos nos benquereres, aturuxamos, recantamos, batemos co corpo todo. En todas as tribos, en todas as terras, en todos os tempos é así. A música é do común. Coma o manancial, o monte. O océano, a atmosfera. Respiramos. Somos do común cadaquén. Xuntas vainos mellor, latexa a terra. Axudádeme a sentir.

Xabier e as Adufeiras regálannos cunha nova reviravolta ao son comunal. Sácannos á baila, bótannos ao salitre, préndennos a pel. Tornan na levada a música do gran ciclo planetario. Tráena engalanada con recendos de algures lonxe. Leveda a primavera entre as mans e a voz de Xabier Díaz. As montañas e as xentes que petan no peito e quedan no canto. Memoria curtida en coplas de máis aló de nós, de máis dentro tamén. Séntelas? Achégate. Axúdanos a cantar. Aquén.

Axúdame a sentir.

Muiñeira Irmandiña

(Trad/Xabier Díaz)

Alegría dos meus ollos,
terra dos meus devanceiros,
hai un facho que alumea
no máis alto dos outeiros.

Na fala das esquecidas,
cantarei un novo día
a luz da vosa memoria,
tanto amor e tanta vida.

*Axudádeme a sentir,
axudádeme a cantar
e se o vento sopra en contra,
imos collidas da man.*

O mar cantaba na praia
unha canción mariñeira
e o vento nos cumios altos
punteaba unha muiñeira.

Axudádeme a cantar
unha canción irmandiña
para un novo alborexar.

Maruxa do benquerer

(Trad/Xabier Díaz)

- A Maruxa Cadaval-

Teño no peito María
a raíz do teu querer.
Mentres no mundo eu vivír,
outro amor non hei de ter.

María, ramo de palma,
María, ramo de palma,
lévote no corazón
atravesada na alma.

*María dos meus amores,
María, miña María,
sen oír as túas falas
eu non sei o que faría.*

*Dentro do meu peito teño
un reloxo de marfil
para che contar as horas
que pasas lonxe de min.*

María dos meus amores,
Maruxa do benquerer,
se non me queres, María,
eu non sei que hei de facer.

Na túa porta, María,
vou a dar a despedida
que por ser na túa porta
dareina con alegría.

Liebre

(Trad/Xabier Díaz/Pedro Pascual/Gutier Álvarez)

Al pasar el arroyo
dijo la liebre:
"ayudame patitas
que el galgo viene".

A la sombra del carro
no viene el mío,
a la sombra del carro
queda dormido.

Por debajo del puente
no pasa nadie.
Solo polvo y arena,
la trae el aire.

Candombe de Sta Mariña

(Trad/Xabier Díaz)

-A Paola Vasquez y Diego Silva-

Nosa Señora da Barca
que lle dou aos arremeiros?
Auga da súa fontaña,
sombra dos seus castiñeiros.

Santa Mariña vai nela.
Se marcha Santa Mariña,
eu tamén me vou con ela.

Veñen as lanchas entrando
cargadiñas de sardiña.
Son mariñeiros de Arou,
mozos de Santa Mariña.

Eí vén o meu mariñeiro,
eí vén a sardiña toda,
eí o vén o meu queridiño.
Veu sentadiño na proa.

Eí vén o aire do mare,
eí vén o aire mareiro,
eí vén o meu queridiño
vestido de mariñeiro.

Maneo náufrago

(Trad./Xabier Díaz)

Nin por saber que marchabas,
nin por saber que partías
cicatrizou a ferida.

*Buscareite na volta da noite;
perdereime no medio do día;
seguirei nas estrelas do ceo,
as pegadas daquela alegría.*

*E, se non atopara o camiño,
beberei esta pena infinita,
bailarei esta desesperanza
sobre un campo con mil margaritas.*

Deixaches na miña porta
doce cravos encarnados,
regueinos cos mil penares
que por ti teño chorado.

Aí, agora vas polo mundo;
aí, esfarelando as túas penas;
aí, aprenderás para sempre:
aí, non as fagas, non as temas.

Aí, non as fagas non as temas;
aí, non me veñas con tristezas;
aí, do peito funte sacando,
aí, tamén da miña cabeza.

Pagarei a penitencia
como náufrago perdido,
as augas do mar maior
pasarei arrepentido.

Pasodobre de Vigo dos Toxos

(Trad./Xabier Díaz)

Cada vez que teño conta
que de ti me hei de apartar;
énchenseme os ollos de auga,
non fago senón chorar.

Non fago senón chorar
e o ceo viste de loito
se da túa boca, prenda,
unhas falas non escoito.

Se non me escoitas falar,
queridiño, non pareza
que minguou o meu amor
ou que me falta firmeza.

A firmeza non me falta;
se non me escoitas falar,
tereí descanso na terra
ou ben no fondo do mar.

Ramo de Borbolla

(Trad./Xabier Díaz)

¡Ay, qué ventanas tan altas!
¡ay, qué balcones de nieve!
¡ay, que nena tan guapina,
dichoso si ella me quiere!

*¡Ay, qué balcones
y, ay, qué murallas!
No puedo menos
que no pasalas.*

*Y, si las paso
y no las travieso,
por el camino
me quedo preso.*

*Me quedo preso
y me quedaría
por el camino
de la alegría.*

Por esta calle, a lo largo,
me dicen que no hay salida.
Por una buena muchacha,
no es mucho perder la vida.

Por esta calle que vamos,
tiran agua y salen rosas
y por eso le llamamos
la calle de las hermosas.



Rumboia viva
(Trad/Xabier Díaz)
-A Marica Campo-

Rumboia, vai arruando,
Rumboia dos mil querereres.
Canta, Rumboia, que as rosas
bailan canda os caraveles.

*Viva Rumboia, Rumboia viva,
viva Rumboia que eu te quero pola vida.
Viva Rumboia, Rumboia toda.
Rumboia, canta que os amores van na roda.*

Todas as flores, Rumboia,
veñen ao baile por verte;
unha vez que te escoitaron
xa non deixan de quererte.

Como non han de quererte
se cantas como unha rola
que xa polas alboradas
ao mesmo día engaiolas?

Xota dos Cucos
(Trad/Pedro Pascual)
-A Teresa Reigía Pose-

De Portugal me mandaron
tres peras nun ramalliño,
estimaba de saber
quen me ten tanto cariño.

Paxariño millarengo
que estás no bico do toxo,
darslle moitos recuerdos
ás nenas do pelo roxo.

O meu amor non me fala,
nin fala nin me pregunta;
"fálame, meu amor, fala
que eu non che tuven a culpa".

Voume por aquí abaixo
coma quen non quere a cousa,
voulle dicir ao meu pai
que ten as vacas na chousa.

Axúdame a sentir
(Música:Trad/Xabier Díaz -Letra:Susana Trigo)

Onde nace o son da serra
no teu pé a camiñar,
o regato que troulea
e abril anda a cucar.

Petan manles e macetas,
arrimados ao cantar;
baten no coiro da terra,
bailadoras do serán.

*Axudádeme a sentir,
axudádeme a cantar,
o que de lonxe aprendín
teño mandado de dar.*

Coma a rega dunha poza
torna na chuvia que cae,
as coplas da miña avoa
queren voltar a enredar.

O vento que todo leva
non me tirará o falar,
a raíz na que se enlea
sae do buxo do casal.

Alalá do Cebreiro
(Trad/Xabier Díaz)

Esta gaitiña que eu toco
sente como unha persoa:
unhas veces, canta e ri
e, outras veces, xeme e chora.

Miña nai, miña naiciña,
como a miña nai ningunha,
que me quentou a cariña
coa caloriña da súa.

Miña nai, como é tan probe
e non ten pan que me dar,
éncheme a cara de bicos
e logo rompe a chorar.



CRÉDITOS

Producción e coordinación artística - Xabier Díaz

Producción executiva - Xabier Díaz

Arranxos - Xabier Díaz, Manu Sija e Pedro Pascual

Gravación voces adufeiras - Garaxeland (Santiago de Compostela)

Mesturas - Luca Germini, Xabier Díaz, Alfonso Merino, Fernando Barroso e Guadi Galego

Masterización - Antonio Baglio

Fotografía - Carlos Abal

Deseño e maquetaxe - Noemí Cubillo

Corrección de textos - Noemi Basanta

Deseño web - Daniel Ameneiros

Contratación - Alicia Arias

Músicos/as:

Xabier Díaz - voz e percusións

Maite López, Bea Mariño, Carolina Vázquez, Iria Penabad, Cristina Pico, Patricia Gamallo, Noemí Basanta, Montserrat García - Santamarina, María Pardo, Iria López - voces

Pedro Pascual - acordeón diatónico, guitarra acústica, mandola, bouzouki e guitarra eléctrica

Roberto Grandal - acordeón

Iván Costa - zanfonas

Gutier Álvarez - zanfona (Liebre)

Paco Charlín - contrabaixo (Liebre)

Manu Sija - baixo, guitarra eléctrica, violíns e sintetizadores

Cibrán Seixo - violíns

Margarida Mariño - violoncello

Marta Elola - voz

Teresa dos Cucos - voz

Agradecementos:

Guadi Galego, Alfonso Merino, Fernando Barroso, Manu Sija, Padroado da Cultura de Narón, Marcos Budiño, Carlos Abal, Tati Moyano, Celina Nogueiro, Fran Sieira e Sede SGAE Santiago de Compostela



www.xabierdiaz.com

